



Reglamento do **1º CAMPIONATO GALEGO DA RAZA GALIÑA DE MOS**

Este campionato estará dividido en dous certames **diferentes**:

-VII CONCURSO MONOGRÁFICO DA RAZA GALIÑA DE MOS-

CONDICIÓN XERAIS

Esta exposición e concurso desenvolverase segundo as normas da Asociación de avicultores da raza Galiña de Mos-AVIMÓS e da Fundación Semana Verde de Galicia.

Poden participar todos os socios da Asociación de avicultores da raza Galiña de Mos - AVIMOS.

Razas admitidas á exposición: Galiña de Mos.

LUGAR E DATA

A Exposición celebrarase no Recinto da Feira Internacional de Galicia, en Silleda, Pontevedra, os días **12, 13, 14 e 15 de xuño de 2014**. O horario de apertura ao público será de 10 a 20 horas (xoves e venres) e de 10 a 21 horas (o sábado e domingo).

ORGANIZACIÓN

A organización irá a cargo da Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos e da Fundación Semana Verde de Galicia, coa colaboración da Federación de razas autóctonas de Galicia - BOAGA e da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

ANIMAIS PARTICIPANTES

Cada criador poderá inscribir un máximo de 4 exemplares. Haberá un número máximo de 150 xaulas. Poderán participar exemplares da raza Galiña de Mos unicamente en concurso individual. No caso de superarse o límite de xaulas, farase un prorrateo entre o os criadores inscritos, por estrita orde de inscrición. Non se poderá expoñer ningún animal menor de 5 meses nin maior de 4 anos. En caso de non cumprir estas idades serán descalificados.

INSCRICIÓN

As inscricións faranse **por teléfono antes do 12 de maio**. No número de AVIMOS, 988205486. Tamén se poden facer por correo electrónico en asociacion@avimos.org. A inscrición é gratuíta.

RECEPCIÓN DOS EXEMPLARES E CONTROL VETERINARIO

Os exemplares deberanse entregar no recinto da exposición o mércores 11 de xuño entre as 11.00 e as 19.00 horas.

Os exemplares á súa chegada serán sometidos a una revisión veterinaria, que se encargará de retirar antes do inicio da exposición aos animais enfermos ou mal presentados. Os xuíces tamén poderán ordear a súa retirada, no caso de que non cumpran as condicións sanitarias ou de presentación mínimas. As aves inscritas deberán ter os certificados sanitarios que se soliciten pola organización, que deberán entregarse á organización á chegada dos animais.

VALORACIÓN DE EXEMPLARES

Os animais serán valorados por xuíces oficiais. Non hai reclamación posible nas decisións dos xuíces. O horario no que se fará a valoración final será confirmado nos próximos días, en función do programa de actividades da organización.

PREMIOS

Haberá 3 premios por cada unha das dúas categorías, Galos e Galiñas. Todos os participantes recibirán un obsequio da organización pola súa participación no Campionato Galego.

RECOLLIDA DE EXEMPLARES

Os criadores poderán recoller os seus exemplares a partir das 21 horas do domingo 15 de xuño tralo peche da feira.

RESPONSABILIDADES

Haberá servizo de vixilancia por parte da organización. Os organizadores decidirán en todos os casos non previstos.



FEADER:
Europa inviste no rural



-3ª EXPOSICIÓN E CONCURSO POR LOTES DE GALIÑA DE MOS – SEMANA VERDE 2014-

CONDICIÓN XERAIS

Esta exposición e concurso desenvolverase segundo as normas da Asociación de avicultores da raza Galiña de Mos-AVIMÓS e da Fundación Semana Verde de Galicia. Poden participar todos os socios da Asociación de avicultores da raza Galiña de Mos - AVIMOS. Razas admitidas á exposición: Galiña de Mos.

LUGAR E DATA

A Exposición celebrárase no Recinto da Feira Internacional de Galicia, en Silleda, Pontevedra, os días **12, 13, 14 e 15 de xuño de 2014**. O horario de apertura ao público será de 10 a 20 horas (xoves e venres) e de 10 a 21 horas (o sábado e domingo).

ORGANIZACIÓN

A organización irá a cargo da Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos e da Fundación Semana Verde de Galicia, coa colaboración da Federación de razas autóctonas de Galicia - BOAGA e da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

ANIMAIS PARTICIPANTES

Os lotes estarán formados por 3 galiñas e 1 galo. Instalaranse nuns galiñeiros de madeira específicos. Non se poderá expoñer ningún animal menor de 5 meses nin maior de 4 anos.

INSCRICIÓN

As inscricións faranse **por teléfono antes do 12 de maio**. No número de AVIMOS, 988205486. Tamén se poden facer por correo electrónico en asociacion@avimos.org. A inscrición é gratuíta.

RECEPCIÓN DOS EXEMPLARES, CONTROL VETERINARIO E RECOLLIDA

Os exemplares deberanse entregar no recinto da exposición o mércores 11 de xuño entre as 11.00 e as 19.00 horas. Os exemplares á súa chegada serán sometidos a una revisión veterinaria, que se encargará de retirar antes do inicio da exposición aos animais enfermos ou mal presentados. Os xuíces tamén poderán ordear a súa retirada, no caso de que non cumpran as condicións sanitarias ou de presentación mínimas. As aves inscritas deberán ter os certificados sanitarios que se soliciten pola organización, que deberán entregarse á organización á chegada dos animais. Os criadores poderán recoller os seus exemplares a partir das 21 horas do domingo 15 de xuño tralo peche da feira.

XURADO

Haberá un xurado que outorgará tres premios (un primeiro, un segundo e un terceiro). Non hai reclamación posible nas decisións do xurado. Debido a que **non é un concurso monográfico** específico, o xurado valorará o xoves ás 10 horas, as características xerais dos exemplares outorgando os premios sen facer valoración individual das aves. O xurado estará formado por técnicos da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e da Fundación Semana Verde de Galicia.

PREMIOS

Haberá 3 premios por cada unha das dúas categorías, Galos e Galiñas. Todos os participantes recibirán un obsequio da organización pola súa participación no Campionato Galego.

RESPONSABILIDADES

Haberá servizo de vixilancia por parte da organización. Os organizadores non serán responsables do desgaste, feridas ou morte que se produzan antes, durante e despois da exposición. Os organizadores decidirán en todos os casos non previstos.

PUBLICIDADE DOS PARTICIPANTES

Elaboraranse folletos cos datos dos participantes para entregar a todo o público interesado. No folleto figurará o nome, o concello, a provincia e o teléfono de cada criador, polo que a inscrición na exposición significa a autorización para a publicación dos datos persoais. No caso de non autorizar a publicación dos datos deberá comunicalo á organización. Cada criador pode poñer elementos publicitarios como tarxetas ou folletos alusivos á súa granxa, enriba ou ao lado das xaulas dos seus animais. A organización elaborará un cartel promocional de cada criador.



FEADER:
Europa inviste no rural